

Bases do concurso sobre a xestión do instituto

1. Pódense facer tres ou catro equipos por clase de 6/8 compoñentes cada un.
2. Cada equipo elixe a un alumno para contestar ás preguntas.
3. Empeza a contestar o concursante que saque o número mais alto tirando o dado. Só contesta unha pregunta.
4. Logo continua o seguinte concursante, contando no sentido das agullas do reloxo, contestando unha pregunta de cada vez.
5. As preguntas son de tres tipos, en tarxetas de tres cores distintos:
 - Cor verde: preguntas para contestar **verdadeiro ou falso**, que valen 1 punto.
 - Cor azul: preguntas con **tres opcións** posibles, que valen 2 puntos.
 - Cor amarela: preguntas con **resposta aberta**, que valen 3 puntos.

(Tamén están escritas as respostas para que a persoa que fai as preguntas saiba si se contestan correctamente ou non).
6. Os concursantes tiran o dado para saber qué tipo de pregunta teñen que contestar: 1 e 2 corresponde ca cor verde, 3 e 4 ca cor azul, 5 e 6 ca cor amarela.
7. Hai unha persoa encargada de ler as preguntas, que debe coller a tarxeta da cor correspondente empezando por orde, de diante cara atrás. Logo debe dicir si a resposta é acertada ou non e despois poñerá a tarxeta ó final, detrás de todas as demais da mesma cor.
8. Só poden contestar os concursantes, pero poden pedir axuda ós seus equipos. Os equipos poden buscar a resposta lendo no resumo da lexislación.
9. Un alumno/a estará controlando o tempo (máximo de 15 segundos para cada pregunta) co cronómetro. Outro estará anotando os puntos que van conseguindo os catro equipos.

10. Estes dous alumnos/as son os árbitros do concurso, teñen a autoridade e deben solucionar os problemas e polémicas, xunto co profesor/-a.
11. Gaña o equipo que consiga 20 puntos antes cós outros.